



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE CURTIS

Número 17/2019

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, UBICADO EN TEIXEIRO (CURTIS) NO MARCO DO "PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO" COFINANCIADO POR FONDOS FEDER, AÑO 2019.

Na Coruña a 7 de marzo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte D.Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, D. Javier Francisco Cainzos Vázquez, Alcalde- Presidente do Concello de Curtis.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e,

EXPOÑEN

1º.- Que é interese coincidente da Deputación e do Concello promover o desenvolvemento da conca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actúantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado "Mandeo. Posta en valor da conca fluvial. 1ª Fase, río Mandeo" cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da Resolución de 13 de xuño de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial.

2º.- Que unha vez executadas pola Deputación Provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Curtis, ambas as institucións coinciden na conveniencia de abrir as canles de cooperación para que no futuro poida a Deputación ceder o uso do Centro Etnográfico ao Concello de Curtis.

3º - Que, coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias para a posta en valor deste conxunto etnográfico a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Curtis acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Curtis, NIF P1503200F, para garantir a apertura do Centro Etnográfico de Curtis durante o ano 2019.

SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE CURTIS

1. O Concello de Curtis achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro etnográfico desde o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarse das visitas que se reciban.
2. O Concello de Curtis comprométese á apertura do centro de acordo cos horarios que se establecen na cláusula QUINTA.
3. O Concello de Curtis organizará visitas ao centro durante o período indicado (12 meses). No marco do presente convenio, o concello organizará como mínimo 2 visitas ao mes, para o que establecerá contactos con colexios, institutos e asociacións do municipio, así como coas demais entidades da conca do Mandeo. Neste sentido, durante este período o Concello levará un rexistro/libro de visitas ao centro, así como a elaboración dun dossier fotográfico das visitas realizadas.
4. O Concello de Curtis comprométese a facer constar a cooperación da Deputación da Coruña nas actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA: OBRIGAS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

1. A Deputación da Coruña achegará ao Concello de Curtis a cantidade máxima que se indica na cláusula SEXTA para a contratación do persoal durante o período establecido.

2. A Deputación da Coruña poñerá a disposición do Concello de Curtis material didáctico e promocional e medios técnicos xerados no marco do proxecto Mandeo para o seu uso no centro.
3. Durante a duración deste Convenio, todos os gastos do Centro, excepto os de persoal, serán a cargo da Deputación.

CUARTA: OBRIGAS COMÚNS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E DO CONCELLO DE CURTIS

- A Deputación da Coruña asume o seguinte compromiso e obriga: "Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións".

Artigo 57.O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:

- a) que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que otorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas,e
- b) que se derive dun cambio na natureza da propiedade

- O Concello de Curtis garante a apertura do centro.

QUINTA: ATENCIÓN DE VISITANTES E HORARIO

Os servizos de atención a visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ao amparo do establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa, suporá creación de relación laboral algunha coa Excma. Deputación provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

- De Martes a Venres: 10:00 horas a 13:00 horas e de 16:00 h a 19:00 h
- Sábados e Domingos: 10:00 horas a 13:00 horas
- Luns pechado

O centro permanecerá aberto 30 horas á semana, pero por razóns organizativas poderá modificarse o horario

SEXTA: FINANCIAMENTO

- 1.- A Deputación provincial da Coruña abonará o 100% dos gastos non cubertos por ingresos durante a anualidade de 2019, do 01 de xaneiro de 2019 ao 31 de decembro de 2019, ata un máximo de **25.094,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3336/22609**.
- 2.- No caso de que os gastos xustificadas non cubertos con ingresos da actividade foran superiores, a achega provincial non superará en ningún caso a cantidade indicada na presente cláusula.

SÉTIMA: FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Curtis a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira: Deberá xustificar os gastos trimestralmente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Secretario co visto e prace do Alcalde-Presidente do Concello de Curtis.

Acompañarase ademais unha memoria na que se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Curtis deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar unha certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbera.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

OITAVA: SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación, por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

NOVENA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excma. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar as actividades que estime oportunas.

DÉCIMA: VIXENCIA

1.O prazo de vixencia do presente convenio esténdese dende o 1 de xaneiro de 2019 e finalizará o 31 de marzo do 2020.

2.As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2019, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.

3.Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

DÉCIMOPRIMEIRA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación.

DÉCIMOSEGUNDA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia núm.8629 de data 7 de marzo de 2019.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CURTIS,

Asdo. Valentín González Formoso

Asdo. Javier Francisco Cainzos Vázquez

O SECRETARIO
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. José Luis Almu Supervía

